




MONTE XESTEIRAS desde Requián




Distancia: 12 km (ICIRCULAR)

Dificultade: media

Duración: 4 a 5 horas

Adela Leiro, Mon Daporta



Unha camiñada circular polas lindes dos concellos da Estrada, Cuntis e Valga para achegarse ao cume do monte Xesteiras e coñecer as sobreiras do adro da capela dos Milagres de Requián (a Estrada) e o sobreiral de Magán (Cuntis) que está incluído no catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza.

O Xesteiras é un monte illado de 716 m de altura situado á beira da depresión meridiana, cuberto de piñeiros nas partes media e baixa e só de mato (toxo, xestas e breixos) na parte de arriba; que permite gozar de panorámicas de 360º do espazo que o rodea, panorámicas que abranguen cara ao oeste: as beiras sur e norte da ría de Arousa (a parte central queda oculta polo monte Xiabre); cara ao norte o tramo final do curso do río Ulla e o seu esteiro, e os montes da península da Barbanza, as terras de Padrón, a cidade de Santiago e o Pico Sacro; cara ao leste vense as terras e a vila da Estrada, o val de Cuntis e os montes da comarca de Tabeirós ata a serra do Candán; e cara ao sur o val do Umia, o monte Castrove e, na lonxanía, os cumes do Morrazo e parte das illas atlánticas. No cume hai varias antenas de telecomunicacións, un posto do servizo de vixilancia de incendios e a torre co radar do Servizo Galego de Meteoroloxía.

Unha camiñada con distintos graos de dificultade os máis complicados dous curtos tramos, un de subida e outro de baixada, no cortalumes polo que se sube e a pendente do cortalumes de baixada, pero nada que non se poida arreglar con precaución, uns bos bastóns e un calzado axeitado.



Pedra da Águia.

ITINERARIO:

A ruta comezámola en Requián, ao pé da capela dos Milagres, onde hai unha ampla zona de aparcamento. Para chegar a Requián hai varias opcións que dependen do punto no que nos atopemos. Pódese facer desde a Estrada, percorrendo varios quilómetros pola PO-841 (da Estrada a Santiago) e desviarse na Mouriña a Santo André de Veá e a Frades para chegar a Requián, facendo un percorrido duns 16 km; tamén se pode acceder desde Novás en Cuntis, na N-640, collendo o desvío a Santo André de Veá e a Frades para chegar a Requián rodeando o monte Xesteiras e facendo un percorrido duns 12 km; ou desde Valga collendo, en Ponte Valga, a estrada a Raxoi e os Martores pola que chegamos a Requián facendo un percorrido de 6,5 km.

Desde a explanada que hai ao pé da capela botamos a andar cara ao lugar seguindo a estrada pola esquerda ata chegar ás últimas casas, alí, entre dúas curvas da estrada, sae unha pista á esquerda, en subida, pola que camiñaremos ao longo de dous quilómetros, seguindo unhas indicacións de roteiro, ata chegar a un punto onde se xuntan varias pistas e cortalumes ao pé dun peche de arame, aquí viramos á dereita para seguir o cortalumes que empeza a subir paralelo ao peche, e sen desvío, nen perda posible, pasamos polo cume das Tres Legüiñas, máis adiante, e case ao remate do cortalumes, ao pé do Penedo da Águia para enlazar coa pista que sube desde Magán a uns 400 metros do cume. A baixada farémola polo cortalumes que descende desde o cume cara ao oeste, de forte pendente e algúns puntos estragados, ata o punto no que fai un xiro á esquerda onde o podemos deixar e seguir por un camiño á esquerda que sae nese punto ou seguilo, xirando á esquerda ata o punto no que o cruza unha pista onde o deixaremos para seguir pola propia pista cara á esquerda uns 500 m ata chegar a un cruce no que seguiremos de fronte, por unha estrada asfaltada que en pouco menos de 1 km nos sitúa no centro de Magán (as sobreiras atópanse na parte de arriba da localidade detrás das casas). Para continuar a ruta desandaremos a estrada que nos trouxo a Magán ata o cruce e continuaremos de fronte 1,5 km ata chegar ao punto no que a pista cruza un regueiro e alí collemos un camiño á dereita que en algo menos de 1 km nos pon no punto de partida.

Tamén se pode baixar a Magán pola pista, apta para vehículos, que utilizan as persoas do servizo de vixilancia e mantemento das instalacións do cume o que alonga o percorrido uns 3 km (en azul no mapa). Esta pista de Magán (5 km) permite facer a subida en coche para unha visita rápida e aforrar a camiñada. Para chegar a Magán tamén temos varias opcións unha é desde a estrada N-550 en As Cernadas, collendo o cruce sinalado cun cartaz, bastante pequeno, que indica "Subida ao Xesteiras" e a 1,5 km un desvío á esquerda, tamén sinalado, que en 2,5 km máis nos conduce ao comezo da pista de subida. A outra é desde Cuntis pola estrada PO-220 (de Cuntis á N-550) e a 4,5 km da saída coller o desvío ao Casal que noutros case 5 km nos leva a Magán e ao comezo da pista de subida.

Se non queremos baixar a Magán podemos volver a Requián por Vilariño desviándonos polo primeiro camiño que atopamos á dereita, ao pouco de empezar a baixada polo cortalumes e que vai un curto tramo paralelo a el, para desviarse logo outravolta á dereita e seguindo case un nivel a metade da ladeira lévanos ata a beira dun peche de arame, nese punto deixamos a pista para desviarnos á esquerda seguindo o peche e por ese camiño, que baixa facendo zigue-zagues no que hai que pasar (abrir e volver a pechar) un paso de arame, chegamos a Vilariño, onde temos que volver a abrir e pechar o cerrado do gando, e logo collemos a pista asfaltada, cara á dereita, que nuns seiscentos metros nos leva á explanada da que saímos.



Sobreiras do Adro da capela dos Miragres de Requián. (Frades, A Estrada). A máis grande mide 4,80 m de perímetro.



Sobreiras de Magán (Estacas, Cuntis). Varios exemplares de ata 3,80 m de perímetro.

Vista cara ao leste. Á esquerda A Estrada e no primeiro plano o val de Cuntis.



Panorámica de Valga e o tramo final do curso do Ulla.